

GUÍA DOCENTE DE **EDICIÓN MUSICAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: EDICIÓN MUSICAL											
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIOS				Etnomusicoloxía, Histórica		
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO						
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	4h.	
ECTS/CUAD.					6				Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	A musicoloxía e a edición musical: o texto escrito como obxecto final do traballo científico. Estrutura formal do traballo científico: referencias bibliográficas, sistema de citación, aparato crítico, etc. Localización, revisión, descrición e transcrición das fontes para a edición musical. Diferentes tipos de edición e a súa evolución. Coñecemento das ferramentas informáticas necesarias para a edición de música e texto.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Tecnoloxías aplicadas á Música
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 1, 3, 4, 12, 13, 15
COMPETENCIAS XERAIS:	X 3, 5, 18, 24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM5, EM8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Considerar o texto editado como obxecto final do traballo científico.	T1, T3, T4, X3, X5, EM5
2. Estructurar formalmente o traballo científico: referencias bibliográficas, sistema de citación, aparato crítico, etc.	T1, T3, T5, X3, EM3, EM5
3. Localizar, revisar, describir e transcribir as fontes para a edición musical.	T1, T2, T4, X3, EM5
4. Coñecer diferentes tipos de edición e a súa evolución.	T2, X1, X3, EM5
5. Coñecer as ferramentas informáticas necesarias para a edición de música e texto.	T4, X3, X5, EM5

4. CONTIDOS
O labor do editor: Historia e método editorial. Obra e texto. Semiótica e notación musical.
A fonte musical: Fonte e texto. Fontes e historia. Exame e descrición. Transcrición



Fontes musicais e filiación estemática:

Erro común. Filiación. Alteracións e contaminacións. Resultados do método e a súa aplicación.

A fixación do texto:

Fontes directamente relacionadas co compositor. Fontes non asociadas directamente ao compositor. A aplicación da filiación estemática.

Edicións facsimilares. Edicións diplomáticas. Edicións interpretativas. Edicións críticas. Aparato, comentario e apéndices.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición maxistral	Presencial	Todo o cuadrimestre
Lectura guiada de fontes	Presencial	Todo o cuadrimestre
Pescuda de información	Non presencial	Todo o cuadrimestre
Realización de traballos	Non presencial	Todo o cuadrimestre
Exposición de traballos	Presencial	Esporádicamente
Actividades específicas de avaliación	Presencial	Esporádicamente

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*